

Crispado o monte
[de Afrodita]
e as mans suavemente
seductor as
intentan un pracer inexplicabel.
Beizos con beizos,
humidade composta,
e exploración táctica polos poros lambidos.

[húmidos]

Sombra, luz, contrastes.

Síntote

Agora

Síntote

Tintineos de sensación aberta.

As miñas mans,
cautivas hai un tempo
caen polo teu tórax,
rozando a pel seca,
que espera á choiva conciliadora

Os braços apertan ao home
e o teu cabelo, guerreiro, fai acender
as lámpadas da miña epidermis,
que se desasosegan.

As flores abren e pechan.
Os ventos ximen e zoan
e o abrente está eiquí.
Amencer de primaveras que alcanzan un desexo.

O desexo é unha estrela,
aberta e estrelada.

A lúa
e os nenúfares inmaculados
báñanse
no fresco estanque iluminado na noite.

As estrelas,
salaiantes belezas de harén,
oran relixiosas na durmida mezquita árabe.
Os velos de seda que voan na noite...
os pétalos rosáceos de flores luxuriosas...
a voluptuosidade do chafariz mahometano...
invitan ao desfrute dun pracer infinito.

Os perfumes e as esencias
cultivan un ar cargado de música
prohibida.

Unha pluma branquiazul dá alento á nosa paixón,
no patio dos arraiáns,
coas cóxegas divinas.